



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Relativo á aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Burela.

Logo de aprobar definitivamente o expediente do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Burela, mediante Decreto de Alcaldía, núm. 2026-0736, emitido con data 24 de xullo de 2026, e código de validación 7H59WDGJMMS9S3CHAWXGWQCKM, faise público en cumprimento do establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O documento íntegro do Plan estará a disposición dos interesados nas oficinas do Concello de Burela.

Burela, 24 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2045

Anuncio

Relativo á aprobación definitiva do Plan de Control e Xestión Ética de Colonias Felinas Urbanas no Concello de Burela.

Logo de aprobar definitivamente o expediente do Plan de Control e Xestión Ética de Colonias Felinas Urbanas no Concello de Burela, mediante Decreto de Alcaldía, núm. 2026-0757, emitido con data 27 de xullo de 2026, e código de validación 4RE7J63XLCWZ37G6X62ZZ5GGP, faise público en cumprimento do establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O documento íntegro do Plan estará a disposición dos interesados nas oficinas do Concello de Burela.

Burela, 27 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2046

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 4/2026, de suplementos de crédito, por un importe total de sesenta mil euros (60.000,00 €), terceiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o dezaioito de xuño de dous mil vinte e seis, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.930.763,51.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.650.432,41.-
3.- Gastos financeiros.....	3.600,00.-
4.- Transferencias correntes.....	102.400,00.-

5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	1.007.390,04.-
7.- Transferencias de capital.....	3.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.697.585,96.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 28 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reiña.

R. 2048

LUGO

Anuncio

Aprobación inicial da modificación da Relación de Postos de Traballo do Excmo. Concello de Lugo.

Téndose aprobado, por Acordo 12/286 da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo de data 6 de xullo de 2026, a APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, no que se refire a:

1. Creación de dous postos de traballo de coordinador/a teleoperador/a e dous postos de teleoperador/a no Servizo de Participación e Atención Cidadá, en execución da Sentenza número 260/2021 de 31 de marzo de 2021 ditada polo Xulgado do Social número 1 de Lugo e confirmada pola Sentenza número 1311/2022 de 18 de marzo de 2022 ditada pola Sala do Social do TSX de Galicia.

2. Servizo de informática. Modificación do posto de traballo do Servizo de Informática con código 71/217/1 denominado “analista programador de desenvolvemento tecnolóxico”, en execución da Sentenza número 72/2021 de 31 de marzo de 2021 ditada polo Xulgado do Contencioso – Administrativo número 1 de Lugo confirmada pola Sentenza número 37/2022 de 26 de xaneiro de 2022 ditada pola Sala do Contencioso – Administrativo do TSX de Galicia.

3. Modificación do posto de traballo con código 52/207 “coordinador/a de deportes” no Servizo de Deportes, en execución da Sentenza número 148/2024 de 9 de setembro de 2024 ditada polo Xulgado do Contencioso – Administrativo número 2 de Lugo. O posto pasará a denominarse “Xefa/a do Servizo de Deportes”.

4. Creación de postos da Banda Municipal de Música e Escola de Música.

5. Creación de 4 postos de traballo de oficial fontaneiro na brigada de augas.

6. Reclasificación de postos de habilitación nacional.

7. Ampliación de xornada de dous postos de educadoras sociais.

8. Apertura de postos de persoal de oficios a persoal laboral e funcionario.

Conforme determina o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, sométese o expediente a información pública por prazo de VINTE DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os/as interesados/as poderán presentar as alegacións, reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Transcurrido o dito prazo, a aprobación se elevará a definitiva se non se expuseran reclamacións, suxerencias ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxerencias ou alegacións presentadas.

O expediente completo, aos efectos da súa consulta, atópase no Servizo de Actas e Goberno, sito no primeiro andar da Casa Consistorial, Praza Maior, s/n.

Lugo, 27 de xullo de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 2047

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***MODIFICACIÓN OFERTA DE EMPREGO 2026**

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de xullo do 2026 prestou aprobación á modificación da OFERTA DE EMPREGO 2026 co seguinte detalle:

Onde dicía:

	FUNCIONARIOS				
Praza	Posto	Escala	Vacantes	Grupo	Sistema Provisión
Auxiliar	Auxiliar Administrativo	Administración Xeral	4	C2	O.L.

	LABORAIS:				
Praza	Posto	Nivel titulación	Vacantes	Grupo	Sistema Provisión
Oficial	Oficial Obras	ESO	1	C2	O.L.

Deberá dicir:

	FUNCIONARIOS				
Praza	Posto	Escala	Vacantes	Grupo	Sistema Provisión
Auxiliar	Auxiliar Administrativo	Administración Xeral	5	C2	O.L.

	LABORAIS:				
Praza	Posto	Nivel titulación	Vacantes	Grupo	Sistema Provisión
Oficial	Oficial Obras	ESO	1	C2	P.I

Monforte de Lemos, 21 de xullo de 2026.- A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2049

O VALADOURO*Anuncio***SUBASTA**

O Concello de O Valadouro por Resolución da Alcaldía número 514/2026, de data 22 de xullo de 2026, aprobou o alleamento, mediante procedemento de subasta pública, do seguinte ben patrimonial:

1. Máquina niveladora refinadora fixa de cuello cisne.
2. Peso: entre 3600 e 3900 kg.
3. Altura: entre 900 e 950 mm.
4. Ancho: 3000 mm.
5. Ancho de ripper: entre 2000 e 2500 mm.
6. Posicións de traballo:
 - ☐ Xiro de coitela horizontal mín. 30 grados
 - ☐ Xiro de coitela vertical mín. 25 grados
 - ☐ Elevación de rodas traseiras mín. 600 mm.
7. Elevación coitela en traslado: mín. 550 mm.
8. Xiro hidráulico en enganche.
9. Ripper con botella hidráulica para regular.

10. Medidas rodas traseiras: 4-10.0/75-15.3.

11. Elevación rodas traseiras independente con botella hidráulica.

12. Elevación rodas traseiras simultánea con botella hidráulica.

13. Rodete vibrador para tripantal:

☐ Con desplazador hidráulico

☐ Caudal hidráulico entre 75 l/min e 90 l/min

☐ Forza dinámica entre 6400 KN e 6600 KN

14. Instalación de mando Joystick con dúas saídas dobre efecto (instalación incluída)

Tipo mínimo de licitación: 20.592,00 euros sen IVE. (segundo informe de tasación minorado nun 20%)

O procedemento rexeráse polo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para o efecto e polos artigos 112 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como artigos 115 e 117 da Lei de Patrimonio da Comunidade de Galicia, que permanecerá publicado xunto co informe técnico na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de O Valadouro.

As proposicións deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de O Valadouro ou a través da súa sede electrónica, no prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A apertura pública de ofertas terá lugar no Salón de Plenos do Concello de O Valadouro, ó quinto día hábil contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, ás 12:00 horas, agás modificación publicada con antelación.

O Valadouro, 24 de xullo de 2026.- O alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2050

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XANEIRO DE 2026.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2026-0128 o día 17 marzo de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de xaneiro de 2026 polo importe total de 6.106,58 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 16 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2051

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE FEBREIRO DE 2026.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 471/2026 o día 14 xullo de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de febreiro de 2026 polo importe total de 6.315,33 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 14 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2052

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO DE 2026.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 482/2026 o día 15 xullo de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de marzo de 2026 polo importe total de 6.772,64 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 16 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2053

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE ABRIL DE 2026.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 481/2026 o día 15 xullo de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de abril de 2026 polo importe total de 6.700,22 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 16 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2054

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MAIO DE 2026.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 491/2026 o día 16 xullo de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de maio de 2026 polo importe total de 6.763,11 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 16 de xullo de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2055

XOVE*Anuncio*

Por Decretos de Alcaldía nº 2026-1044 e 2026-1045 de data 27 de xullo de 2026, aprobáronse inicialmente os Padróns do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Libre Concorrência e Dependencia, respectivamente, correspondentes ao mes de xuño de 2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 03 de agosto de 2026 ata 02 de outubro de 2026; o ingreso efectuarase mediante domiciliación bancaria tal e como se establece no artigo 7 do vixente Acordo Regulador.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 27 de xullo de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2056